

Asociación
Cultural
BARBANTIA

Estatutos

Novembro 2004

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- Denominación

1. Coa denominación de ASOCIACIÓN CULTURAL BARBANTIA, constitúese unha asociación sen ánimo de lucro, de interese xeral, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.
2. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

- a) Servir como punto de encontro e canle para o diálogo e colaboración entre os propios/as asociados/as, e entre estes e aquelas outras asociacións, entidades, organizacións e administracións vinculadas coa promoción da cultura en todas as súas dimensións.
- b) Impulsar, desenvolver e difundir estudos e proxectos, ben por iniciativa propia, a petición doutras entidades, así como en réxime de colaboración, que abarquen todo o campo de coñecemento humano e que teñan como denominador común o Barbanza e a súa área de influencia.
- c) O aproveitamento, promoción e conservación das potencialidades do entorno, dende a perspectiva da intervención e creación cultural, do patrimonio, do medio ambiente e do desenvolvemento local.
- d) Promover canles de participación e expresión sociocultural, de cara ó enriquecemento persoal e social e da mellora da calidade de vida.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organiza-las seguintes actividades.

- a) Organización e desenvolvemento de cursos, xornadas, encontros, seminarios, congresos e outras actividades de carácter formativo e de divulgación
- b) Deseño, edición e difusión de publicacións, e outros soportes informativos, documentais e promocionais.
- c) Organización e desenvolvemento de mostras, exposicións e certames.
- d) Deseño e execución de campañas de sensibilización, concienciación e promoción
- e) Actividades de asesoramento e apoio nos ámbitos referidos dirixidas a persoas, grupos, entidades e administracións.
- f) Calquera outra actividade e programa que, a xuízo dos órganos de goberno, se consideren oportunos en consonancia cos fins fundacionais, procurándose a colaboración con aquelas entidades e administracións do entorno xeográfico, de Galicia, do Estado e mesmo da Unión Europea, que teñan competencias ou desenvolvan iniciativas acordes cos mencionados fins.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinarase ós devanditos fins a totalidade das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, exceptuándose as contribucións efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os asociados e familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de BOIRO, nas dependencias do Centro Social de Boiro - Rúa Principal s/n – 15920, Boiro (A Coruña)

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras localidades, mediante acordo de Xunta Directiva.

Artigo 5º.- A Asociación en función dos seus fins e do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito das provincias da Coruña e Pontevedra, maiormente nas comarcas de Muros, Noia, Barbanza, Sar, Caldas e Salnés, así como en calquera outro ámbito que se entenda axeitado para a mellor consecución dos mencionados fins.

Artigo 6º.-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II: DOS SOCIOS

Artigo 7º.- Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar, ou xurídicas, tralo acordo do órgano competente, que reúnan os seguintes requisitos e sexan admitidos pola Xunta Directiva:

- a) Compartir interese cos fins fundacionais
- b) Formaliza-la integración mediante solicitude dirixida á Xunta Directiva

Artigo 8º.- Dentro da Asociación poderán existi-las seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Protectores, aquelas persoas físicas ou xurídicas, que a xuízo da Xunta Directiva, contribúan materialmente e de forma notable ó sostemento da asociación.
- e) Investigador, aquela persoa, que contribúa periodicamente con aportacións intelectuais rigorosas e creativas ás diversas iniciativas da asociacións.

A clasificación ou tipoloxía dos asociados non terá carácter excluinte.

Artigo 9º.- Os asociados de número e fundadores teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
10. Aqueles outros que lles sexan recollidos na lexislación vixente.

Artigo 10º.- Son obrigas dos socios numerarios e fundadores:

1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desenvolve-las obrigas inherentes ós cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.

4. Satisface-las cotas ordinarias e/ou de entrada que se establezan.
5. Observar unha boa e leal conducta individual e cívica.
6. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.
7. Aquelas outras que lle sexan recollidas pola lexislación vixente

Artigo 11º.- Os socios honorarios, protectores e investigadores non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto. Gozarán dos dereitos recollidos no art. 9º dos presentes estatutos, agás o disposto nos apartados 1 e 2 do mesmo artigo.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 13º.- A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia,
2. Por falta de pago nas cotas.
3. Por actitudes e accións que perxudiquen gravemente ós intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 15º.- Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se está tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de Réxime Interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

RÉXIME XERAL

Artigo 16º.- A Asociación rexerese segundo os presentes estatutos. Sempre que os seus contidos non se opoñan ás leis nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario. O Regulamento de Réxime Interno da Asociación, desenvolverá os presentes estatutos

Artigo 17º.- O goberno e representación da asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Asemblea Xeral, como máximo órgano de goberno.
- b) A xunta Directiva, como órgano colexiado en quen a Asemblea delega o goberno permanente
- c) O Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro, como órganos unipersoais e con funcións de goberno e representación determinadas polos estatutos.

ASEMBLEA XERAL

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma con dereito a voto e tomará os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, o acorde o Presidente ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 20º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro dos tres meses seguinte ó peche do exercicio. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva enviándose a notificación ó domicilio dos asociados.

Artigo 21º.- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-lo Plan de Actuación proposto pola Xunta Directiva
2. Examinar e aproba-la Memoria de Xestión correspondente.
3. Aproba-lo Orzamento proposto pola Xunta Directiva.
4. Examinar e aproba-los Balances e as contas anuais do exercicio anterior.
5. Fixa-las cotas ordinarias e/ou extraordinarias.

Artigo 22º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da Asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 23º.- Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Na convocatoria han de aparecer o lugar e hora da xuntanza, así como a Orde do Día con expresión concreta dos temas a tratar e os anexos que procedan. Tamén ha de sinalarse a hora da segunda convocatoria.

Artigo 24º.- Os asociados poderán outorga-la súa representación, ós efectos de participación nas Asembleas, a calquera outro socio. Tal representación outorgarase por escrito e deberá obrar en poder do Secretario da Asemblea ó inicio da sesión.

Artigo 25º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 6 do artigo 22, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas que asinaran o/a Presidente, e o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

Artigo 26º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

Artigo 27°.- As sesións se abrirán cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a trata-la Orde do Día, que incluíra necesariamente unha quenda de rogos e preguntas. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Se a presidencia o considera oportuno, ou o solicitan un 10% dos asociados presentes, a quenda de rogos e preguntas poderá incluír a adopción de acordos sobre asuntos non contemplados na correspondente Orde do Día.

Unha vez rematada esta, levantarase a sesión por parte do Presidente.

Artigo 28°.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou contraveñan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 29°.- A Asociación estará xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada polos cargos de Presidente, Vicepresidente ata un número de dous, un Secretario, un Tesoureiro e ata tres vocais, cargos que deberán recaer en asociados/as maiores de idade, que estean en pleno uso dos seus dereitos e capacidades e leven polo menos un ano na Asociación.

Os Cargos serán designados e revocados pola Asemblea Xeral e durarán un período de 2 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección por un máximo de 6 anos.

Artigo 30°.- Os cargos da Xunta Directiva renovarase por metade. Na primeira quenda serán renovados os Vicepresidentes, o Tesoureiro e un Vocal e no segundo, o ano seguinte, o Presidente, o Secretario e os outros dous vocais. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda de renovación durará 1 ano máis. O persoal de xerencia e administración, se o houbese, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

Artigo 31°.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Artigo 32°.- Os cargos cesarán na súa función por renuncia voluntaria, por expiración de mandato, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas, por perda da condición de socio, ou por incapacitación. A renuncia e a expiración de mandato non dan lugar ó cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto. A renuncia voluntaria deberá ser comunicada por escrito.

As vacantes que se pudesen producir na Xunta Directiva, cubriranse provisionalmente por designación da mesma, ata que a Asemblea Xeral elixa ós novos membros ou confirme nos seus postos ós designados.

Artigo 33°.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións con carácter ordinario cada dous meses e con carácter extraordinario cantas veces o determine o Presidente a iniciativa propia, ou a petición de alomenos 3 dos seus compoñentes.

A convocatoria realizarase como mínimo con 8 días de antelación, mediante citación persoal, na que se recollerá a orde do día. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polos Vicepresidentes ou o Secretario.

A Xunta Directiva quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. No caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, un dos Vicepresidentes levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 34º.- As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo os presentes estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

En particular son facultades da Xunta Directiva:

- a) Programara e dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da asociación
- b) Convocar e fixa-las datas das Asembleas Xerais e executa-los acordos adoptados.
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o Plan de Actuación / Programa Anual proposto pola Xunta Directiva, así como a Memoria de Xestión correspondente.
- d) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o Orzamento Anual, así como os Balances e Contas Anuais do exercicio pechado
- e) Resolver sobre a admisión de novos asociados
- f) Fixa-las cotas, que con carácter extraordinario, correspondan a certas actividades
- g) Designa-las Comisións de traballo, seccións ou delegacións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, a organización de actividades, etc. Ó cargo destas Comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
- h) Dictar normas interiores de organización, non contempladas no Regulamento de Réxime Interno.
- i) Interpreta-los estatutos e o Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.
- j) Calquera outra que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral ou lle sexan transferidas por esta.

Artigo 35º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, de ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 36º.- O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma, executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, e ostentará a dirección da asociación velando polo cumprimento dos seus fins.

Artigo 37º.- O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades antes consignadas, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Impulsar e dirixi-las tarefas da Xunta Directiva, así como o plan de actividades da asociación.
- c) Ordena-los pagamentos e autorizar coa súa firma os documentos, actas, certificacións e correspondencia, xuntamente co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda dita tarefa.
- d) Representar legalmente á Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da asociación aconselle ou sexa precisa para o desenvolvemento das actividades, sen prexuízo de ter que dar conta posteriormente e ser ratificada pola Xunta Directiva.

Artigo 38º.- Os Vicepresidentes asistirán ó Presidente nas súas funcións, asumirán as tarefas que lle sexan delegadas e ademais, substituirano nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 39º.- O Secretario terá as seguintes atribucións:

- a) Ostenta-la dirección dos traballos administrativos da asociación

- b) Custodiar e levar o libro da actas e de rexistro de socios, selos e demais documentos da asociación.
- c) Estende-las convocatorias e as actas das reunións, así como expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.
- d) Tramitar as solicitudes de ingreso
- e) A comunicación sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais a inscribir nos rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

Artigo 40°.- O Tesoureiro terá as seguintes atribucións:

- a) Ostenta-la dirección dos traballos de xestión económica da asociación
- b) Custodiar e levalos libros de contabilidade, inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances
- c) Prepara-los orzamentos, as contas anuais e os balances para a súa presentación diante da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
- d) Recadar e custodia-los fondos pertencentes á asociación
- e) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente
- f) Tomar razón e levar conta dos ingresos e dos gastos asociativos, e participar en tódalas operacións de orde económico.

O tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario na segunda quincena de decembro de cada ano, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 41°.- Os Vocais, no número que determine a Asemblea Xeral, terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta Directiva lles encomende.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 42°.- Nos seus inicios esta asociación carece de patrimonio fundacional algún. O Patrimonio da asociación ou Fondo Social coincide co recollido nas contas aprobadas anualmente.

Artigo 43°.- O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche coincidirá en todo caso co do ano natural – 31 de decembro.

Artigo 44°.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual, tendo que ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria de inicio do exercicio. Asemade a liquidación do orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio .

Artigo 45°.- Anualmente e con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación, que se formalizará nunha memoria e será posta a disposición dos asociados, durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 46°.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes::

1. As cotas ordinarias dos asociados, que en ningún caso serán reintegrables.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.

5. As achegas voluntarias, que se consideren como préstamos sen xuros, reintegrables nos termos que se pacten .

6. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 47°.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, deberán ter recoñecidas as sinaturas o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta delas.

Artigo 48°.- A disposición dos bens patrimoniais que se aproben regulamentariamente, han de ser aprobados pola Asemblea Xeral.

Artigo 49°.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades económicas, incluídas as prestacións de servicios, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 50°.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurídico vixente.

CAPÍTULO VI: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 51°.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou unha cuarta parte dos asociados. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria, terá a modificación de estatutos como único punto da Orde do Día, e estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 15 días para que calquera socio/a poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 52°.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos dous tercios da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 53°.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas dúas terceiras partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 54°.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará dous asociados liquidadores, que xunto co Presidente e Tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 55°.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.